

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA EMPRESA ORDINARIA E PROGRAMA DE EMPREGO CON APOIO, COMO MEDIDA DE FOMENTO DO EMPREGO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO MERCADO ORDINARIO DE TRABALLO

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

PROMOVER A INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA A TRAVÉS DOS SEGUINTES PROGRAMAS:

- ❖ **PROGRAMA/ANEXO A:** PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA EMPRESA ORDINARIA.
- ❖ **PROGRAMA/ANEXO B:** PROGRAMA DE EMPREGO CON APOIO, COMO MEDIDA DE FOMENTO DO EMPREGO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO MERCADO ORDINARIO DE TRABALLO.

****NOTA ACLARATORIA:** ESTA FICHA RESUMO FAI REFERENCIA SOAMENTE AS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES Ó ABEIRO DO PROGRAMA ANEXO A, QUE SON AS QUE PODEN INTERESAR OS NÓSOS ASOCIADOS.

Poderán promover proxectos de emprego con apoio e serán beneficiarias das subvencións contidas na liña do anexo b):

1. Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro que subscriban o correspondente convenio de colaboración coa empresa que vai contratar os traballadores con discapacidade aos que se lles vai prestar o emprego con apoio e que cumpran os seguintes requisitos
 - Ter por obxecto social a inserción laboral ou a creación de emprego a favor de persoas con discapacidade
 - Contar no seu cadro de persoal con preparadores laborais especializados que cumpran os requisitos da base oitava ou comprometerse a incorporalos, así como dispoñer dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio
 - Ter experiencia acreditada no desenvolvemento de programas de integración laboral de persoas con discapacidade
 - Desenvolver as actividades de emprego con apoio de modo gratuíto, sen que caiba o cobramento ou a percepción de ningún tipo de cantidade ou tarifa a traballadores ou empresarios
2. Os centros especiais de emprego, cualificados e inscritos como tales no rexistro correspondente, que subscriban un convenio de colaboración coa empresa que vai contar contratar traballadores con discapacidade procedentes do cadro de persoal do mesmo centro ou doutros centros especiais de emprego e que cumpran os seguintes requisitos:
 - Contar no seu cadro de persoal con preparadores laborais especializados que cumpran os requisitos da base oitava ou comprometerse a incorporalos, así como dispoñer dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio
 - Desenvolver as actividades de emprego con apoio de modo gratuíto, sen que caiba o cobramento ou a percepción de ningún tipo de cantidade ou tarifa a traballadores ou empresarios idóneo dos programas de emprego con apoio

3. As empresas do mercado ordinario de traballo, incluídos os autónomos, que contraten os traballadores discapacitados beneficiarios das devanditas accións sempre que conten no seu cadro de persoal con preparadores laborais especializados que cumbran os requisitos da base oitava ou comprometerse a incorporalos, así como dispoñer dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento

De resultar de interese esta liña de subvención non dubiden en solicitar máis información.

3. TIPOS DE APOIO

SUBVENCIÓN A FONDO PERDIDO EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA

- SUBVENCIÓNS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA
- SUBVENCIÓN POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE DUN ENCLAVE LABORAL
- SUBVENCIÓN POLA CONTRATACIÓN TEMPORAL (duración mínima inicial do contrato 12 meses)
- SUBVENCIÓN POLA CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO MARCO DE PROXECTOS DE EMPREGO DE APOIO
- SUBVENCIÓN PARA A ADAPTACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO OU PARA A DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PROTECCIÓN PERSOAL

SUBVENCIONARANSE CONTRATACIÓNS QUE TEÑAN DATA DE INICIO COMPRENDIDA ENTRE O 16 DE SETEMBRO DE 2009 E O 30 DE XUÑO DE 2010.

OS CONTRATOS E AS TRANSFORMACIÓNS DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS DEBERÁN FORMALIZARSE POR ESCRITO E COMUNICARSE Á OFICINA DE EMPREGO NA FORMA REGULAMENTARIA ESTABLECIDA

* Subvencionarase a contratación a tempo completo e a tempo parcial, incluída a modalidade de fixo discontinuo

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

PROGRAMA/ANEXO A: EMPRENDEDORES E AS EMPRESAS, CALQUERA QUE SEXA A SÚA FORMA XURÍDICA, INCLUINDO AUTÓNOMOS, SOCIEDADES CIVÍS E COMUNIDADES DE BENS, AÍNDA QUE CAREZAN DE PERSONALIDADE XURÍDICA QUE CONTRATEN TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE PARA PRESTAREN SERVIZOS EN CENTROS DE TRABALLO SITOS EN GALICIA, INCLUÍDOS OS/AS PROCEDENTES DE CENTROS DE EMPREGO.

OS TRABALLADORES CONTRATADOS DEBERÁN TER RECOÑECIDA UNHA MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR O 33% E ATOPARSE EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, INSCRITAS NO SPE COMO DEMANDANTES DE EMPREGO.

NON PODERÁN SER BENEFICIARIAS DESTAS AXUDAS AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, AS SOCIEDADES PÚBLICAS, AS ENTIDADES VINCULADAS OU DEPENDENTES DE CALQUERA DELAS NIN OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO.

Tampouco as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos puntos 5 e 6 do artigo 4 da LO 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Non gozarán da condición de beneficiarias as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude se poida practicar a inscrición no correspondente rexistro nin tampouco as entidades beneficiarias cando estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego.

5. SECTORES INCENTIVABLES

POR TRATARSE DE AXUDAS SOMETIDAS AO RÉXIME DE MINIMIS, ESTABLECIDO NO REGULAMENTO (CE) 1998/2006 **NON PODERÁN CONCEDERSE A EMPRESAS DOS SEGUINTE SECTORES**

1. Pesca e acuicultura
2. Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado
3. Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros, cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación
4. Carbón

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

- EXCLÚENSE DOS BENEFICIOS REGULADOS NESTE PROGRAMA AS CONTRATACIÓNS REALIZADAS CON TRABALLADORES/AS QUE, NOS **24 MESES ANTERIORES** Á DATA DE CONTRATACIÓN, PRESTASEN SERVIZOS NA MESMA EMPRESA OU GRUPO DE EMPRESAS MEDIANTE UN CONTRATO POR TEMPO INDEFINIDO.
- EXCLÚENSE TRABALLADORES QUE FINALIZASEN A SÚA RELACIÓN LABORAL DE CARÁCTER INDEFINIDO NUN PRAZO DE **3 MESES PREVIOS** Á FORMALIZACIÓN DO CONTRATO POLO QUE SE SOLICITA Á AXUDA, AGÁS QUE FINALIZASE POR UN DESPIDO COLECTIVO OU DESPIDO DECLARADO IMPROCEDENTE. ESTA EXCLUSIÓN NON SERÁ DE APLICACIÓN CANDO A CONTRATACIÓN INDEFINIDA SE REALICE CUN TRABALLADOR/A CON DISCAPACIDADE PROCEDENTE DUN CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO, E TAMPOUCO NO SUPOSTO DA INCORPORACIÓN A UNHA EMPRESA ORDINARIA DE TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE NO MARCO DO PROGRAMA DE APOIO

^{0*}En todo caso estas exclusións non se aplicarán cando se trate da contratación de persoas con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral

- AS EMPRESAS QUE TEÑAN 50 OU MÁIS TRABALLADORES DEBERÁN CUMPRIR A COTA DE RESERVA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, 2% SOBRE O TOTAL.

- AS EMPRESAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS DEBERÁN PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA PARA O PAGAMENTO NO PRAZO ESTABLECIDO NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN OU, SE É O CASO, ATA O 31 DE OUTUBRO DE 2010.

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

8. INVERSIÓNS E/OU GASTOS COMPUTABLES

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nos correspondentes anexos desta orde

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación

A xustificación do pagamento dos gastos obxecto de subvención deberá acreditarse mediante transferencia bancaria

- SERÁN OBXECTO DO PROGRAMA OS CONTRATOS INDEFINIDOS, TEMPORAIS, A CONTRATACIÓN NO MARCO DE PROXECTO DE EMPREGO CON APOIO, A ADAPTACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO OU PARA A DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PROTECCIÓN PERSOAL

9. CONTÍA DAS AXUDAS

PROGRAMA/ANEXO A)

SUBVENCIÓN POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA

- SUBVENCIÓN DE **3907€** POR CADA TRABALLOR DISCAPACITADO OU DE **5.107€** POR CADA TRABALLADORA CON DISCAPACIDADE

Poderán acumularse os seguintes incentivos adicionais:

INCENTIVO ADICIONAL DE 1000€ no caso de contratación indefinida de persoas con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral

INCENTIVO ADICIONAL DE 500€ no caso de contratación traballadores/as procedentes de centros especiais de emprego

INCENTIVO ADICIONAL DE 500€ no caso de contratacións en empresas que teñan ata 49 traballadores/as, ou no caso de contratacións para prestar servizos en centros de traballo dun concello rural

SON TAMÉN OBXETO DESTAS AXUDAS, AS TRANSFORMACIÓNS EN INDEFINIDOS DE CONTRATOS FORMATIVOS E DE CONTRATOS TEMPORAIS DE FOMENTO DE EMPREGO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

SUBVENCIÓN POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE DUN ENCLAVE LABORAL

- SUBVENCIÓN DE **7814€** POR CADA PERSOA CON DISCAPACIDADE CON ESPECIALS DIFICULTADES PARA A SÚA INSERCIÓN LABORAL CONTRATADA A XORNADA COMPLETA.

PARA TER DEREITO ÁS AXUDAS A CONTRATACIÓN DEBERÁ REALIZARSE SEN SOLUCIÓN DE CONTINUIDADE E TRANSCORRIDO, POLO MENOS, UN PRAZO DE 3 MESES DESDE O INICIO DO ENCLAVE OU DESDE A INCORPORACIÓN DO TRABALLADOR/A SE ESTA FOSE POSTERIOR AO INICIO DO ENCLAVE.

SUBVENCIÓN POLA CONTRATACIÓN TEMPORAL

- SUBVENCIÓN DE **2.000€** POR CADA TRABALLOR DISCAPACITADO OU DE **2.600€** POR CADA TRABALLADORA CON DISCAPACIDADE

INCENTIVO ADICIONAL DE 600€ no caso de contratación de persoas con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral

INCENTIVO ADICIONAL DE 500€ no caso de contratacións en empresas que teñan ata 49 traballadores/as, ou no caso de contratacións para prestar servizos en centros de traballo dun concello rural

- Esta subvención non se aplicará no suposto das contratacións realizadas con persoas con discapacidade que prestasen servizos na mesma empresa nos últimos seis meses mediante un contrato de natureza temporal, agás os contratos de interinidade. En todo caso, esta exclusión non se aplicará cando se trate da contratación de persoas con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral

SUBVENCIÓN POLA CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO MARCO DE PROXECTOS DE EMPREGO CON APOIO

- Coa finalidade de fomentar a contratación de persoas con discapacidade no marco do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, regulado no anexo B desta orde, e sempre que os proxectos de emprego con apoio estean subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar, concederáselles aos empregadores e empresas que contraten persoas con discapacidade as seguintes axudas
 1. A subvención pola contratación indefinida prevista na base cuarta deste anexo incrementada nun 50%
 2. A subvención pola contratación temporal prevista na base sexta deste anexo incrementada nun 25%

SUBVENCIÓN PARA A ADAPTACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO OU PARA A DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PROTECCIÓN PERSOAL

Aos empregadores que contraten persoa con discapacidade poderá concedérselles unha subvención, compatible coas anteriores, que poderá acadara 902 euros , para a adaptación dos postos de traballo ou para a dotación de equipamentos de protección persoal necesarios para evitar accidentes laborais ao traballador/a con discapacidade contratado/a, ou para eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou dificulten o traballo.

Esta axuda, se non é solicitada pola empresa, PODERÁ SER SOLICITADA POLA PROPIA PERSOA TRABALLADORA.

Esta subvención será aplicable aos empregadores e ás empresas que realicen contratos indefinidos ou realicen transformacións en indefinidos de contratos formativos e de contratos temporais de fomento do emprego para persoas con discapacidade, para a mellora do crecemento e do emprego ou, sempre que a súa duración sexa igual ou superior a 12 meses, contratos en prácticas ou para a formación, ou contratos de duración determinada ao abeiro do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O PRAZO XERAL PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS DOS DISTINTOS PROGRAMAS FINALIZARÁ **O DÍA 30 DE XUÑO DE 2009**, EN TODO CASO, DEBERÁN RESPETARSE OS SEGUINTES PRAZOS ESPECÍFICOS:

- **DOUS MESES** SEGUINTES Á DATA DE INICIO DA RELACIÓN LABORAL EN VIRTUDE DUNHA CONTRATACIÓN INICIAL, OU SE PRODUZA A TRANSFORMACIÓN DO CONTRATO EN INDEFINIDO, E SEMPRE DENTRO DO PRAZO XERAL DO 30 DE XUÑO DO 2010.
- PARA A AXUDA DE ADAPTACIÓN DO POSTO DE TRABALLO: ANTES DO **INICIO DE DITA ADAPTACIÓN** E SEMPRE DENTRO DO PRAZO XERAL DO 30 DE XUÑO DO 2010.
- AS CONTRATACIÓNS OU TRANSFORMACIÓNS DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS E AS ADAPTACIÓNS DE POSTOS DE TRABALLO REALIZADAS **ENTRE O 16 DE SETEMBRO DO 2009 E A DATA DE PUBLICACIÓN DESTA ORDE**, PODERÁN ACOLLERSE A ESTAS AXUDAS, INDA QUE TRANSCORRESE O PRAZO DESDE A CONTRATACIÓN OU SE TIVESE INICIADO A EXECUCIÓN DO PROXECTO DO INVESTIMENTO. -O PRAZO PARA PRESENTAR ESTAS AXUDAS REMATA O **30 DE XUÑO DO 2009**

11. INCOMPATIBILIDADES

EN NINGÚN CASO O IMPORTE DAS SUBVENCIÓNS, OU AXUDAS CONCEDIDAS Ó ABEIRO DESTA ORDE, PODERÁ SER DE TAL CONTÍA QUE, ILLADAMENTE OU EN CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIÓNS, AXUDAS, INGRESOS OU RECURSOS, CONCEDIDOS POR OUTRAS ADMINSTRACIÓNS OU ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, NACIONAIS, DA UE, OU DE ORGANISMOS INTERNAICIONAIS, SUPERE O CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE QUE VAIA DESENVOLVER A PERSOA OU ENTIDADE BENEFICIARIA.

AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS ESTABLECIDAS PARA CADA PROGRAMA, SON INCOMPATIBLES COAS ESTABLECIDAS PARA OS DEMAIS PROGRAMAS PREVISTOS NESTA ORDE

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

ORDE DO 23 DE ABRIL DE 2010, PUBLICADA NO **D.O.G. DO 30 DE ABRIL DE 2010**, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA EMPRESA ORDINARIA E DO PROGRAMA DE EMPREGO CON APOIO, COMO MEDIDA DE FOMENTO DO EMPREGO DE

PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO MERCADO ORDINARIO DE TRABALLO

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

- **DELEGACIÓNS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**, NO CASO DE QUE A ACTIVIDADE SE VAIA DESENVOLVER NO RESPECTIVO ÁMBITO PROVINCIAL
- **DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO**, NO CASO DE QUE SE TRATE DE SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE EMPREGO CON APOIO REGULADO NO ANEXO B DESTA ORDE

14. OBSERVACIÓNS

ENTRE AS OBRIGAS DAS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS RECOLLIDAS NA BASE 12 DO ANEXO A DESTACAN

- Manter no seu cadro de persoal os traballadores/as contratados/as as abeiro do programa, **por un período mínimo de tres anos**, no suposto da contratación indefinida ou da transformación do contrato temporal en indefinido, ou polo tempo acordado no suposto de contratos temporais, non podendo despedir ós traballadores sen causa xustificada, e, no caso de despedimento procedente, deberán substituílos por outros traballadores/as con discapacidade
- Transcorridos tres anos dende a contratación indefinida ou da transformación do contrato temporal en indefinido, ou transcorrido o tempo mínimo de 12 meses no suposto do contrato temporal, **deberán presentar, dentro dos tres meses seguintes**, no departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar unha relación dos traballadores/as polos cales se lles concederon axudas para os efectos de acreditar a súa permanencia na empresa, e no caso de despedimento procedente, dos traballadores/as que os/as substituíron